



CONCELLO DE MEIS

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO ALBERGUE MUNICIPAL DE CAMIÑANTES DE MEIS, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e Cualificación

O obxecto do contrato comprenderá a explotación das instalacións que conforman o albergue de camiñantes e peregrinos que circulan pola Variante Espiritual do Camiño Portugués polo Salnés, sito en Vilar, Armenteira, Concello de Meis.

Efectuaranse os seguintes servizos:

- Recepción e servizos relacionados con pernocta dos caminantes e peregrinos.
- Limpeza das instalacións.
- Mantemento das instalacións
- Reposición do material para o uso en condicións axeitadas
- Pago dos servizos de subministración eléctrica da iluminación e os electrodomésticos, telefonía, internet, caldeira de péles, consumibles e os necesarios para o funcionamento.
- Facilitar a información adecuada aos camiñantes e peregrinos.

A explotación do servizo realizarase mediante a modalidade de concesión

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de concesión de servizos tal como establece o artigo 15 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Código, CPV 55270000-3 servizos prestados por establecementos de aloxamento.

O contrato rexerese polas cláusulas do presente Prego de Condicións e o de Condicións Técnicas, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións públicas en todo o que non se opoña á Lei 9/2017.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección/Adxudicación e órgano de contratación

1. Procedemento de Selección/Adxudicación.- A forma de adxudicación do contrato, mediante concesión, da explotación do servizo do albergue de caminantes e peregrinos de Meis, será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición. Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta, deberá de atenderse a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

2. Órgano de contratación.- O órgano de contratación é a Alcaldía do Concello.





CONCELLO DE MEIS

CLÁUSULA TERCEIRA. Publicidade da contratación

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, o anuncio de licitación, os pregos, a adxudicación e a formalización do contrato publicarase na web Municipal (Perfil de contratante) e na Plataforma de Contratación do Estado. (WWW.meis.gal/plataforma de contratos do sector público)

CLÁUSULA CUARTA. Canon anual

O tipo mínimo de canon anual é de 2.500,00 euros, sendo o do adxudicatario igual ou superior.

O canon se ingresará antes do 30 de decembro de cada ano na conta municipal habilitada a tal fin polo Concello.

CLÁUSULA QUINTA. Duración del Contrato

A duración do contrato establécese en **dous anos** dende a data da formalización do contrato; sendo prorrogable anualmente por mutuo acordo das partes antes dos seus vencementos, e sen que a vixencia inicial, xunto coas prórrogas, poida exceder máis **de 4 anos**.

A solicitude de prórroga deberá ser presentada polo concesionario con dous meses de antelación ao vencemento do contrato inicial ou de cada unha das súas prórrogas.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación de la Aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

CLÁUSULA SÉPTIMA. Presentación de Proposicións e Documentación administrativa

1.Presentación manual. Para a licitación do presente contrato, non se esixe a presentación de ofertas utilizando medios electrónicos debido a que a utilización de medios electrónicos require medios e equipos ofimáticos especializados dos que non dispón o órgano de contratación. Con arranxo ao establecido no punto terceiro da Disposición Adicional Décimo quinta da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, resulta acreditada a xustificación da non utilización de medios electrónicos.

As ofertas presentaranse exclusivamente no rexistro do Concello de Meis con domicilio en Avda. Cambados, 67, Mosteiro-Meis horario de 9,00h a 14,00h, dentro do prazo de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante (WWW.meis.gal/plataforma de contratos do sector público).

De acordo co artigo 159.4.c da LCSP, as proposicións deberán presentarse necesaria e únicamente no rexistro indicado no anuncio de licitación. Si o último día de





CONCELLO DE MEIS

presentación de proposicións coincidira en sábado, domingo ou festivo, prorrogarase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte a éste.

As proposicións presentadas fora de prazo non serán admitidas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición e tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

2.Presentación por correo.Cando a documentación se envíe por correo o empresario deberá xustificar hora de imposición do envío e anunciar mediante correo electrónico (secretaria@meis.gal) o mediante télex o fax (986715300) sempre antes da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Sen o cumprimento deste trámite, a documentación non será admitida si é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de finalización do prazo. En caso de haber anunciado o envío ao órgano de contratación nos términos indicados, e transcurridos 5 días dende a data de finalización do prazo para a presentación de proposicións, ésta non tivera entrada no Rexistro xeral do Concello, non será admitida.

3.Documentación: Sobres. As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en TRES SOBRES PECHADOS, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar á contratación, mediante concesión, da explotación do albergue de caminantes San Ero- Armenteira sito en Vilar-Armenteira». A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación Administrativa: Declaración responsable.
- Sobre «B»: Criterios evaluables mediante xuízos de valor: Memoria do proxecto de funcionamento do albergue e Melloras no entorno exterior do albergue.
- Sobre «C»: Criterios evaluables mediante fórmulas matemáticas: Prezo e melloras.

Os documentos para incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

SOBRE "A": DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Dentro do sobre, incluírase:

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

A declaración responsable presentarase conforme ao modelo incluído no **ANEXO I** do presente prego.





CONCELLO DE MEIS

En caso de concurrir a la licitación varias empresas constituyendo unha unión temporal (UTE), cada una delas deberá presentar unha declaración responsable, así como un documento indicando os nomes e as circunstancias das empresas que subscriben as proposicións, a participación de cada unha delas, desinando á persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ostentará a representación da unión temporal ante a Administración.

Tamén é posible a presentación do documento europeo único de contratación electrónico (DEUC) en substitución da declaración responsable indicada neste punto (). (** El documento europeo único de contratación (DEUC) consiste en una declaración de la situación financiera, las capacidades y la idoneidad de las empresas para un procedimiento de contratación pública. Está disponible en todas las lenguas de la UE y se utiliza como prueba preliminar del cumplimiento de los requisitos exigidos en los procedimientos de contratación pública en toda la UE. Gracias a dicho documento, los licitadores ya no tendrán que proporcionar pruebas documentales completas y diferentes formularios utilizados anteriormente en la contratación pública de la UE, lo que significa una considerable simplificación del acceso a las oportunidades de licitación transfronterizas. A partir de octubre de 2018 el DEUC se ofrecerá exclusivamente en formato electrónico.*)

La Comisión Europea proporciona un servicio gratuito en línea para los compradores, los licitadores y las demás partes interesadas en cumplimentar el documento de forma electrónica. El formulario en línea puede rellenarse, imprimirse y luego enviarse al comprador junto con el resto de la oferta. Si el procedimiento se realiza electrónicamente, el DEUC podrá exportarse, almacenarse y transmitirse de forma electrónica. El DEUC presentado en el marco de un procedimiento de contratación pública anterior puede reutilizarse siempre que la información siga siendo correcta. Los licitadores podrán ser excluidos del procedimiento o ser objeto de enjuiciamiento si la información contenida en el DEUC se ha falseado gravemente, se ha ocultado o no puede completarse con documentos justificativos

Puede acceder al servicio para cumplimentar y reutilizar el DEUC (página oficial de la Comisión Europea) a través de la siguiente url <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter>.

o formulario normalizado do DEUC atópase a disposición dos licitadores na seguinte dirección electrónica: <https://ec.europa.eu/tools/espd/filter?lang=é>

SOBRE “B”: CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR:

Incluirase no sobre:

B.1.- Memoria do proxecto de xestión e funcionamento do albergue, campaña de divulgación, servizos complementarios, etc. (Esta documentación non será superior a 5 follas polas dúas caras ou 10 follas por unha cara. Letra Arial, 11, un espazo).

B.2.- Melloras no entorno exterior do albergue:

B.2.a) Instalación de tendal.

B.2.b) Acondicionamento dunha zona de terraza no fronte da entrada

B.2.c) Instalación de bancos no porche de entrada.





CONCELLO DE MEIS

A documentación destas melloras non será superior a 6 follas polas dúas caras ou 12 follas por unha cara. Letra Arial, 11, un espazo), e deberanse formular partindo das características previstas no **ANEXO IV** do presente Prego ou similares.

SOBRE "C": CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS: PREZO E MELLORAS EVALUABLES ARITMÉTICAMENTE.

C.1.- Prezo: O canon que ingrese anualmente o adxudicatario/a ao Concello. Presentarase conforme ao modelo establecido no **ANEXO II** do presente Prego. O canon non poderá ser inferior a 2.500,00€

Achegarase coa proposta, estudo económico de custos do proxecto de xestión.

C.2.- Melloras evaluables aritmeticamente: Melloras en equipamento, conforme ao Modelo previsto no **ANEXO III** e de similares características ás establecidas no **ANEXO IV** :

C.1.- Prezo (canon).

C.2.- Melloras evaluables mediante fórmulas aritméticas:

C.2.a) Colchones.

C.2.b) 4 Pufs para zona de estar

C.2.c) Instalación de estantes para mochilas

C.2.d) Un televisor e instalación antena.

C.2.e) Un Ordenador con mesa

CLÁUSULA OITAVA. Criterios de Adjudicación: 100 puntos

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta calidade-prezo atenderase a varios criterios de adjudicación:

CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR (SOBRE B): 45 puntos.

B.1.- Memoria do Proxecto de funcionamento: valorarase ata 20 puntos.

B.2.- Melloras no entorno exterior do albergue (Tendal//terraza// bancos porche): Valorarase ata 25 puntos.

B.2.a) Instalación de tendal: **Ata 10 puntos.**

B.2.b) Acondicionamento dunha zona de terraza no fronte da entrada: **Ata 10 puntos**

B.2.c) Instalación de bancos no porche de entrada: **Ata 5 puntos.**

CRITERIOS CUANTIFICABLES AUTOMÁTICAMENTE (SOBRE C): 55 puntos.

C.1.- Prezo (Canon ofertado): 25 puntos.

Puntuaranse en orde decrecente as ofertas segundo o prezo ofertado:

Fórmula de valoración: $(\text{Maior Oferta Económica} / \text{Oferta a valorar}) \times \text{Puntuación Canon}$.

Puntuación = $\frac{\text{Maior Oferta Económica} \times 25 \text{ puntos}}{\text{Oferta analizada}}$





CONCELLO DE MEIS

C.2.- Melloras evaluables mediante fórmulas aritméticas en equipamento, sen custo adicional, segundo modelo ANEXO IV: ata 30 puntos:

C.2.a) Colchones (só se valorarán ata 17 unidades): **0,59 por unidade ata 10 puntos**

C.2.b) Catro Pubs para zona de estar: **5 puntos**

C.2.c) Instalación de estanterías para mochilas: **5 puntos**

C.2.d) Un televisor e instalación antena: **5 puntos**

C.2.e) Un ordenador e mesa: **5 puntos**

As melloras ofertadas polo adxudicatario do contrato pasarán á propiedade do Concello de Meis.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía Provisional

Os licitadores quedan exentos da presentación de garantía provisional.

CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación estará presidida pola Alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, e formarán parte dela, como vogais, a Secretaria, a Interventora, o arquitecto Municipal e un funcionario do Concello, ou os empregados públicos en quen deleguen. Actuará como secretario un funcionario da Corporación.

CLÁUSULA DECIMOPRIMERA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, ostenta as seguintes prerrogativas:

- Interpretación do contrato.
- Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- Modificación dei contrato por razóns de interese público.
- Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DECIMOSEGUNDA. Apertura de Proposición e Adxudicación

1. Apertura e cualificación da documentación xeral (sobre "A").

Unha vez rematado o prazo de presentación das proposicións, constituirase a Mesa de Contratación, que procederá á cualificación da documentación xeral achegada polos licitadores no "SOBRE A" en sesión non pública.

A Mesa, de acordo co previsto no art. 22 do RD 1098/2001, poderá requirir por correo electrónico ao o empresario aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade, solvencia técnica e económica e ausencia de prohibicións para contratar, ou incluso pedirlle a presentación doutros





CONCELLO DE MEIS

complementarios. Tales requirimentos deberán de cumprimentarse nun prazo máximo de 3 días hábiles.

Por outra parte, se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicárase aos interesados por correo electrónico de así estimarse, concedéndolles un prazo de tres (3) días hábiles para a emenda, sen prexuízo do correspondente anuncio no Perfil de contratante do Concello, momento desde o que contará o prazo de subsanación.

A Mesa de Contratación, comprobará e cualificará a documentación emendada e, no seu caso, os defectos ou omisións, e procederá a declarar as admitidas e as rexeitadas con expresión das causas do rexeitamento, tralo cal, convocarase novamente a Mesa para proceder á valoración das ofertas.

2. Apertura dos sobres con Documentación cuxa Ponderación Depende dun Xuízo de Valor: Proposición técnica (sobre "B")

A Mesa de Contratación en sesión non pública, e na mesma sesión anterior no seu caso, ou noutra, dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores nos sobres "A", indicando os excluídos e as causas da súa exclusión. A continuación realizarase a apertura dos sobres "B" que conteñen os criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor das empresas admitidas.

Finalizado este acto, a Mesa poderá requirir, non seu caso, informes técnicos precisos para o estudo e avaliación da documentación técnica de acordo cós criterios previstos neste prego.

3. Apertura dos sobres con criterios cuantificables automaticamente (sobre "C")

Unha vez efectuada a valoración dos sobres "B", terá lugar en acto público a lectura da valoración da Documentación cuxa Ponderación Depende dun Xuízo de Valor e das proposicións económicas. A data de apertura dos sobres "C", comunicárase previamente no perfil do contratante. A deliberación e traballos de valoración que realice a Mesa non será pública.

A Mesa, nesa mesma sesión ou noutra posterior, poderá considerar conveniente obter previamente os informes que crea oportunos sobre as proposicións, e elevará estas coa Acta e a proposta de adxudicación que estime pertinente ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación.

Á vista da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (Sobre «B») e dos criterios cuxa ponderación é automática (Sobre «C»), a Mesa de Contratación propondrá o adxudicatario do contrato.

4. Proposta de adxudicación.

En sesión non pública, a Mesa de Contratación clasificará as propostas por orde decrecente e formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor do licitador que presentara a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa, como resultado de aplicar os criterios de selección establecidos neste prego, podendo solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes. Aquelas ofertas que deban emendar algún defecto formal tamén serán avaliadas e clasificadas a condición de que subsanen o dito defecto correctamente no prazo indicado.





CONCELLO DE MEIS

A continuación a Mesa realizará a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

CLÁUSULA DECIMOTERCEIRA. Presentación de Documentación e adxudicación

1. Requerimento de documentación.

Unha vez aceptada, polo órgano de contratación, a proposta de adxudicación da mesa de contratación; o órgano de contratación requerirá ó licitador que presentara a mellor oferta calidade-prezo para que, no prazo de dez **días hábiles**, a contar do seguinte a aquel no que recibira o requerimento, presente a seguinte documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 LCSP:

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso para solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando esixa algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

2. Documentación a presentar:

A)A documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140 LCSP:

1)Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario:

Empresario individual: Documento que acredite a súa personalidade (Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade para españois; pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo, no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros).

Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.





CONCELLO DE MEIS

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondiente Rexistro oficial.

Esíxese, así mesmo, fotocopia compulsada do Número de Identificación Fiscal (NIF), debidamente compulsada.

Tamén se esixirá fotocopia compulsada do DNI de quen desempeñe a representación da mesma.

Unións temporais de empresas: No caso de unión temporal de empresas, cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, con indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, a participación de cada unha delas, o compromiso formal de constituirse formalmente en UTE, para o caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co art. 69 LCSP e coa cláusula 12 dos presentes pregos e designando a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ha de desempeñar a representación da unión ante a Administración.

Empresas comunitarias ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditaráse mediante a inscrición nos Rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), en función dos diferentes contratos.

Demáis empresarios estranxeiros:

-Deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación por parte da empresa, que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de Estado asinante do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Oficina Económica y Comercial de España no exterior, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga (art. 68.1 LCSP).

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirásese do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio (art. 68.1 LCSP).

Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con





CONCELLO DE MEIS

renuncia, se é o caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ó licitante (art. 140.1.f) LCSP)

Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España: Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil (art. 68.2 LCSP).

Para a determinación da solvencia das unións temporais de empresarios acumularanse as características acreditadas por cada un dos seus integrantes.

2.-Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre diante da administración contratante ou escritura omnde figure tal circunstancia.

3.- Inexistencia de prohibición para contratar:

Tendo en conta que na cláusula SÉTIMA.3 esíxese que os licitadores cumprimenten o anexo I onde se inclúe a declaración relativa a non estar incurso en prohibicións para contratar con a Administración, o licitador que presente a mellor oferta non terá que volver presentar dita declaración.

B) A documentación xustificativa de que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación delo.

Tal acreditación realizarase de acordo co seguinte (arts. 13 e seguintes do RD 1098/2001):

- Obrigas tributarias:

1.- Orixinal ou copia compulsada do alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondiente ó obxecto do contrato ou similar, sempre que exerza actividades suxeitas a dito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición, referida ó exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de alta no IAE, en caso de resultar adxudicatario, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles ao que se refire o apartado 2 do artigo 150 da Lei de Contratos do Sector Público.

Os suxeitos pasivos que estean exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención. No suposto de atoparse nalgunha das exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar asimismo resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, a alta no imposto, sen perxucio da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.





CONCELLO DE MEIS

2.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración tributaria, na que se conteña xenéricamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RD 1098/2001; así como Certificación positiva expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.

3.- Ademais, o licitador non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello de Meis. A Administración Local, de oficio, comprobará mediante os datos obrantes na Tesourería o cumprimento de dita obriga.

- Seguridade Social:

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenéricamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RD 1098/2001.

C) Acreditación solvencia económica e solvencia técnica

1 A **solvencia económica e financeira** do empresario acreditarase mediante a disposición dun seguro de responsabilidade civil, vixente ata o fin do prazo de presentación ofertas, por importe mínimo de 300.000,00 euros , así como achegar o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato.

Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscrición, en caso de resultar adxudicatario, do seguro esixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles ao que se refire o apartado 2 do artigo 150 da Lei de Contratos do Sector Público.

A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento tde compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

2 A **solvencia técnica ou profesional** dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que se acreditará polos medios seguintes:

Será requisito mínimo de solvencia técnica acreditar polo menos 1 ano de experiencia alterna ou consecutiva en traballos de similar natureza que o obxecto do contrato (turismo, hostalería, xestión de servizos etc.) ou ter formación na materia.

A experiencia poderá acreditarse mediante traballos realizados por conta propia ou allea en áreas relacionadas coa hostalería ou coma voluntario integrante dunha Asociación de Camiños de Santiago.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente-





CONCELLO DE MEIS

D) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou da comunidade Autónoma de Galicia:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 339 LCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen perxuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia. Deberá acompañala dunha declaración de vixencia dos datos.

E) Póliza de seguro de accidentes, de responsabilidade civil e de danos (continente e contido):

O adxudicatario subscribirá **unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil**, que inclúa a do persoal adscrito, por un importe, como mínimo de 300.000,00 euros por sinistro, e unha póliza **de danos (continente e contido)** por importe de: 150.000,00€, debendo entregar copias autenticadas ao Concello de Meis antes da posta en funcionamento do servizo e a cada anualidade vencida a renovación do mesmo. Na póliza farase mención expresa de que non poderá ser cancelada sen o consentimento expreso do órgano de contratación.

F) A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente, O licitador que presentase a mellor oferta, será requirido para constituír unha **garantía do 10%** do importe de adxudicación, nos termos da Cláusula seguinte.

G).- Dirección electrónica habilitada para notificacións.

Designarase unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións, que deberá ser «habilitada» de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta, nos casos en que o Órgano de contratación haxa optado por realizar as notificacións a través da mesma.

CLÁUSULA DÉCIMOCUARTA. Garantía Definitiva

O licitador que presentase a mellor oferta calidade-prezo, será requirido para constituír unha **garantía do 10%** do importe de adxudicación (canon).

O licitador que presentara a mellor oferta, deberá constituír unha garantía dun 10% do prezo final ofertado (canon), na Caixa Xeral da Corporación e dentro dos cinco días hábiles sinalado na cláusula anterior. Poderá constituírse en calquera das formas previstas no art. 108 LCSP, e segundo os arts 55 e seguintes do RD 1098/2001.

No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía definitiva as penalidades ou indemnizacións esixibles ao contratista, este deberá repor ou ampliar aquela, na contía que corresponda, no prazo de quince días naturais desde a execución, incorrendo en caso contrario en causa de resolución.

Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

A garantía definitiva responderá dos seguintes conceptos:





CONCELLO DE MEIS

- a) Da obrigación de formalizar o contrato en prazo, de conformidade co disposto no artigo 153 LCSP.
- b) Das penalidades impostas ó contratista conforme ao artigo 192 LCSP.
- c) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, incluídas as melloras que ofertadas polo contratista fosen aceptadas polo órgano de contratación, dos gastos orixinados á Administración pola demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e perdas ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- d) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato.
- e) Da inexistencia de vicios ou defectos dos servizos prestados durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

CLÁUSULA DÉCIMOQUINTA. Prazo de Garantía

Dada a natureza do contrato, establécese un prazo de garantía de SEIS MESES dende o cumprimento do contrato. Se durante o prazo de garantía acreditácese a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a corrección dos mesmos.

Devolución ou cancelación da garantía: A garantía non será devolta ou cancelada ata que se producira o vencemento do prazo de garantía e cumprira satisfactoriamente o contrato, ou ata que se declare a resolución de este sen culpa do contratista.

O prazo de garantía será de **6 meses** a contar desde a data de finalización dos servizos ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ó contratado e ó estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas.

Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades se devolverá a garantía constituída ou se cancelará o aval ou seguro de caución. O acordo de devolución adoptarase e notificarase ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía.

Transcorridos seis meses desde a data de terminación do contrato, e vencido o prazo de garantía, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o artigo 110 LCSP.

CLÁUSULA DECIMOSEXTA. Formalización do contrato

A formalización do contrato deberá efectuarse no prazo dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DECIMOSEPTIMA. Dereitos e Obrigas

Ademais dos dereitos e obrigacións xerais derivados do réxime xurídico do presente contrato, especificanse as seguintes:





CONCELLO DE MEIS

- O adxudicatario deberá iniciar a actividade no prazo máximo DE UN MES dende a formalización do contrato; debendo implantar as melloras no prazo máximo de tres meses dende a sinatura do contrato.
- O adxudicatario recibirá os seguintes importes:
 - *Os correspondentes ao prezo público aprobado polo Concello, que satisfaran os usuarios do albergue por pernocta.
 - *Os correspondentes a o uso da lavadora e secadora.
 - *Os correspondentes ás máquinas dispensadoras de alimentos e bebidas instaladas no recinto.
- Debe dispoñer do persoal suficiente para atender en condicións óptimas o obxecto do contrato. Sendo de exclusiva e total responsabilidade do adxudicatario o cumprimento de toda clase de disposicións laborais e fiscais, e todas aquelas de índole industrial ou sanitario, seguridade e hixiene no traballo, que rexan este tipo de explotacións, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por estes incumprimentos. O persoal ao servizo da empresa adxudicataria en ningún caso adquirirá dereitos laborais respecto ao Concello de Meis. O adxudicatario deberá presentar ao Concello, #ante o responsable do contrato, a documentación xustificativa de acharse ao corrente coas nóminas do persoal e as cotas da Seguridade Social (TCI e TC2) no seu caso, ou das cuotas de autónomo.
- O adxudicatario tamén deberá presentar ante o Concello a documentación xustificativa de acharse ao corrente de pago dos consumos de enerxía e comunicacións (internet, telefonía..)
- Son de conta do contratista o pago do importe dos anuncios e de cantos gastos ocasiónense con motivo dos trámites preparatorios ou de formalización do contrato, pago de tributos, etc e calquera outro que se produza mesmo nos casos en que estea recoñecido o seu dereito á repercusión.
- -O adxudicatario estará obrigado a ter exposto ao público as tarifas e deberá ter ao dispor dos usuarios o libro de reclamacións.
- Todo o persoal relacionado coa manipulación de alimentos, no seu caso, deberá estar en posesión do carné de manipulador de alimentos estendido pola autoridade de sanidade correspondente.
- O Adxudicatario necesitará autorización expresa do órgano de contratación para realizar calquera tipo de obras nas instalacións obxecto de concesión.
- O contratista será responsable da calidade dos traballos prestados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros da súa incorrecta execución.
- O adxudicatario subscribirá a póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, que inclúa a do persoal adscrito, por un importe, como mínimo de 300.000,00 euros por sinistro, e unha póliza de danos (continente e





CONCELLO DE MEIS

contido) por importe de: 150.000,00 euros, debendo entregar copias autenticadas ao Concello antes da posta en funcionamento do servizo e a cada anualidade vencida a renovación do mesmo. Na póliza farase mención expresa de que non poderá ser cancelada sen o consentimento expreso do órgano de contratación.

- Serán de cargo do adxudicatario os gastos de mantemento e reparación da lavadora, secadora, ordenador.
- O adxudicatario non poderá utilizar o local para actividades alleas ao obxecto do mesmo.
- Entregarase un inventario, das instalacións, mobiliario e equipamento que se poñen ao dispor do adxudicatario.
- No suposto de extinción normal do contrato, o adxudicatario deberá continuar prestando o servizo ata que outra empresa, pública ou privada ou no seu caso o Concello, se faga cargo da xestión, cun máximo de catro (4) meses.
- Os demais dereitos e obrigacións recollidas no prego de condicións técnicas particulares.

3. Obrigacións laborais, sociais e de transparencia

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral e de seguridade social. Así mesmo, está obrigado ao cumprimento do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 31/1995, de 8 de novembro, sobre efectiva de mulleres e homes, da Lei 31/1995, de 8 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais, e do Regulamento dos Servizos de Prevención, aprobado por Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, así como das normas que se promulguen durante a execución do contrato.

A empresa contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación, aínda que en todo caso, o adxudicatario estará obrigado a cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio Colectivo sectorial de aplicación.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, o adxudicatario do contrato está obrigado a fornecer á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigacións previstas na citada norma, así como naquelas normas que se diten no ámbito municipal.

CLÁUSULA DECIMOITAVA. Revisión de prezos

Non se prevé a revisión do importe do canon na vixencia da presente licitación

CLÁUSULA DECIMONOVENA. Reversión

Cando finalice o prazo contractual, o servizo reverterá á Administración, debendo o contratista entregar os materiais e instalacións a que estea obrigado con arranxo ao contrato e no estado de conservación e funcionamento adecuados.





CONCELLO DE MEIS

Durante un período de **dous meses** anterior á reversión, o Concello adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens verifíquese nas condicións convidadas.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Execución do Contrato

O contratista está obrigado a organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados no mesmo.

En todo caso, a Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trate.

CLÁUSULA VIXÉSIMOPRIMEIRA. Condicións especiais de execución do contrato

Establécense as seguintes condicións especiais de execución do contrato, de acordo co establecido no artigo 202 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: O adxudicatario adoptará todas as medidas necesarias para o mantemento e mellora dos valores medioambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato.

En tal caso, o incumprimento da condición especial de execución dará lugar á imposición das seguintes penalidades: 1% do importe de adxudicación do contrato, IVE incluído, salvo que, motivadamente, ou órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderá alcanzar ata un 5% ou ata un máximo legal dun 10%, respectivamente. A reiteración non incumprimento terase en conta para valorar a gravidade.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGÚNDA. Modificación do Contrato e mantemento do Equilibrio Económico

A Administración poderá modificar por razóns de interese público as características da concesión do servizo contratado.

Cando as modificacións afecten o réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ao contratista de maneira que se manteña o equilibrio económico do contrato. Non procederá tal compensación, no caso de que os acordos que dite a Administración respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica.

A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio de calquera das partes nos seguintes supostos:

- Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as características do servizo contratado.
- Cando actuacións da Administración determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.
- Cando causas de forza maior determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato, entendéndose por «forza maior» o disposto na Lei de Contratos do Sector Público.





CONCELLO DE MEIS

O restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante medidas que poderán consistir nas modificacións das tarifas para abonar polos usuarios, a redución do prazo do contrato, e en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico do contrato.

Para os casos de forza maior e de actuacións da administración que determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato, poderá prorrogarse o prazo do contrato por un período que non exceda dun 20 por cento da súa duración inicial, respectando os límites máximos de duración previstos legalmente.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto na Lei de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Subcontratación

Por razón da natureza e condicións do contrato non está permitida a subcontratación con terceiros para a realización parcial ou total do contrato, debendo ser executado directamente o adxudicatario.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Réxime Sancionador

O réxime sancionador vén establecido no Prego de Prescricións Técnicas

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados na Lei de Contratos do Sector Público.

Cando o contrato resólvese por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Cesión do contrato

Este contrato non será obxecto de cesión

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉPTIMA. Confidencialidade e tratamento de datos

1. Confidencialidade

A empresa adxudicataria (como encargada do tratamento de datos) e o seu persoal en cumprimento dos principios de integridade e confidencialidade deben tratar os datos persoais aos que teñan acceso de forma que garantan unha seguridade axeitada incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas apropiadas de conformidade co establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos).

Esta obrigação é complementaria dos deberes de segredo profesional e subsistirá aínda que finalice o contrato co responsable do tratamento dos datos (Concello).

2.- Tratamento de Datos





CONCELLO DE MEIS

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento xeral de protección de datos, os licitadores quedan informados de que os datos de carácter persoal que, no seu caso, sexan recollidos a través da presentación da súa oferta e demais documentación necesaria para proceder á contratación serán tratados por este Concello coa finalidade de garantir o axeitado mantemento, cumprimento e control do desenvolvemento do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerase polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas., en todo o que non se opoña á devandita Lei.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes.

A ALCALDESA
Marta Giráldez Barral





CONCELLO DE MEIS

SOBRE "A": Incluirase o ANEXO I.

ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____, con domicilio a efectos de _____ notificación en _____, c/ _____ nº _____, con DNI nº _____, en nome propio ou en representación da Entidade _____, con CIF nº _____, a efectos da súa participación na licitación, polo procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, do contrato de concesión, para a xestión do albergue de peregrinos de Meis, sito en Vilar-Armenteira.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.- Que se dispón a participar na licitación convocada polo Concello de Meis para a adxudicación do contrato referido.

Segundo.- Que cumpre con todos os requisitos esixidos para ser adxudicatario do contrato, en concreto:

1. Que posúe personalidade xurídica e, no seu caso, representación.
2. Que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
3. Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da LCSP e atópase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias, coa administración estatal, autonómica e local; e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
4. Que se somete á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

Terceiro.- Que se compromete a acreditar a posesión e validez de touse documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

Cuarto.- Autoriza ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

E para que conste, asino a presente declaración

En _____, a ____ de _____ de 2020

Sinatura do Declarante,

Asdo _____





CONCELLO DE MEIS

SOBRE "C": Inclúiranse os seguintes ANEXOS II e III

ANEXO II: C.1.- PREZO/CANON.

D./D^a _____, con domicilio a efectos de notificacións en c/ _____ con DNI nº _____ en nome propio ou en representación da Entidade _____ con CIF nº _____, decatado do expediente para a contratación mediante concersión do servizo de xestión do albergue de camiñantes de Meis, por procedemento aberto e varios criterios de adjudicación, anunciado na Plataforma de contratación do Estado e Web Municipal, fago constar que coñezo os Pregos que serven de base ao contrato e acéptoo integramente, e comprométome ao pago do canon anual de (en letra e número)

En _____, a ____ de _____ de 2020

Sinaturado licitador,

Asdo _____

ANEXO III.- C.2.- MELLORAS CUANTIFICABLES MEDIANTE FÓRMULAS ARITMÉTICAS EN EQUIPAMENTO, CONFORME AO INFORME TÉCNICO DE MELLORAS PREVISTAS NO ANEXO IV DO PREGO.

D./D^a _____, con efectos a efectos de notificación en _____, c/ _____, nº _____, con DNI nº _____, en nome propio ou en representación da Entidade _____, con CIF nº _____, a efectos da súa participación na licitación do contrato de concesión para a xestión do albergue de peregrinos de Vilar- Armenteira Meis, FORMULAS SEGUINTE MELLORAS:

C.2.a) Colchones: (Non se valoran por riba de 17 unidades). Sinalar o número de unidades que se ofertan: _____ unidades.

C.2.b) Catro pufs para zona de estar: (Marcar SI ou NON. Non sinalar nada equivale a un NON)

SI _____ NON _____

C.2.c) Instalación de estanterías para mochilas: (Marcar SI ou NON. Non sinalar nada equivale a un NON)

SI _____ NON _____

C.2.d) Un televisor e instalación antena: (Poñer SI ou NON. Non sinalar nada equivale a un NON)

SI _____ NON _____

C.2.e) Un ordenador e mesa: (Poñer SI ou NON. Non sinalar nada equivale a un NON)

SI _____ NON _____





CONCELLO DE MEIS

INFORME SOBRE MELLORAS - ANEXO IV

CONTRATO:


“CONTRATO DE CONCESIÓN XESTIÓN DO ALBERGUE MUNICIPAL PARA CAMIÑANTES E PREGRINOS DE A ARMENTAIRA”

Daniel Alejandro RUBIO PÉREZ, Arquitecto Municipal do Concello de Meis;

INFORMA:

o CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR (SOBRE B): 45 puntos

- B1 Memoria do Proxecto de funcionamento: 20 puntos.
- B2 Melloras no entorno exterior (terraza//bancos//tendedero) (SOBRE B): 25 puntos.
- B2.a) Instalación de tendal de 3,00 m de lonxitude e 2,00 m de altura, con cubrición superior, laterais e frontal (mediante celosía similar á da fotografía). A situar no lateral sur do edificio.



(TOTAL 10,00 PUNTOS)





CONCELLO DE MEIS

- B2.b) Instalación de tarima de composite entre a liña branca do aparcamento e a zona do porche do albergue (Zona oeste do edificio) Nunha superficie de 75 m², realizando a curva da liña branca de delimitación. E instalación de macetas e plantas.



(TOTAL 10,00 PUNTOS)

- B2.c) Subministro de 2 bancos exteriores a situar na entrada do albergue. Igual ou similar ao da fotografía pero que permita ancoraxe para evitar as subtraccións.



(TOTAL 5,00 PUNTOS)





CONCELLO DE MEIS

o CRITERIOS CUANTIFICABLES AUTOMÁTICAMENTE (SOBRE C): 55 puntos

- C1 Prezo Canon: 25 puntos.
- C2 Melloras avaliadas mediante fórmulas en equipamento: 30 puntos.
- C2.a) Subministro de colchóns de 80x190 (0,59 puntos por unidade) (Máximo 10 puntos)



(TOTAL 10,00 PUNTOS)

- C2.b) Subministro de 4 Ud. de pufs para colocación entre os baños e a zona das liteiras.



(TOTAL 5,00 PUNTOS)





CONCELLO DE MEIS

- C2.c) Subministro e instalación de estantes para mochilas con ocós de 50x50 e fondo de 0,95 aproximadamente. Nun único móbel no espazo de 2,12 m situado entre unha liteira e a parede que separa da zona das máquinas de autoservizo.



(TOTAL 5,00 PUNTOS)

- C2.d) Televisión de 43" gama media con ancoraxe a parede, situada na zona das mesas e instalación de antena.



(TOTAL 5,00 PUNTOS)





CONCELLO DE MEIS

- C2.e) Subministro e instalación de ordenador e mesa para uso de internet polos camiñantes. Características do ordenador: 8GB de RAM; procesador PENTIUM INTEL CORE I5 OU SIMILAR. Monitor de 21 pulgadas.



(TOTAL 5,00 PUNTOS)

E para que conste, para os efectos oportunos, ASINO ELECTRÓNICAMENTE o presente informe.

